

**III. OUTRAS DISPOSICIÓNS****AXENCIA INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA**

*CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 18 de decembro de 2019 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para proxectos de enerxía solar fotovoltaica dirixidas a particulares, para o ano 2020 (código de procedemento IN421O).*

Advertidos erros na dita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 15, do 23 de xaneiro de 2020, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 3930, onde di:

«Artigo 4. *Contía da axuda*

A contía da axuda será do 50 % do investimento elixible da instalación, tendo en conta o seu orzamento e os requisitos específicos recollidos no artigo 5 destas bases reguladoras. A contía máxima por proxecto será de 25.000 €. Adicionalmente, na procura de instalacións de potencia racionais, establécese unha axuda máxima por vivenda de 4.000 €. No caso de que o proxecto solicitado inclúa baterías de litio de potencia igual ou superior a 4 kWh incrementarase en 1.500 €.

Cada entidade colaboradora poderá solicitar un máximo de 250.000 € en proxectos con reserva de fondos.».

Debe dicir:

«Artigo 4. *Contía da axuda*

A contía da axuda será do 50 % do investimento elixible da instalación, tendo en conta o seu orzamento e os requisitos específicos recollidos no artigo 5 destas bases reguladoras. A contía máxima por proxecto será de 25.000 €. Adicionalmente, na procura de instalacións de potencia racionais, establécese unha axuda máxima por vivenda de 4.000 €. No caso de que o proxecto solicitado inclúa baterías de litio de potencia igual ou superior a 4 kWh, incrementarase en 1.500 €.

En ningún caso serán subvencionables as ampliacións das instalacións fotovoltaicas asociadas á subministración eléctrica das vivendas que xa foron obxecto de axuda de Inega en anos anteriores.

Cada entidade colaboradora poderá solicitar un máximo de 250.000 € en proxectos con reserva de fondos.».

